



IMPRESCINDIBLES. A definición máis exacta de *imprescindible* vén no dicionario. Se desculpan non citarei aquela de Brecht que aprendiamos de novos na canción cubana: de entendermos a loita como abnegada repetición dun só compromiso, o retrato deste artista transmoderno quedaría en dúas dimensións. Falamos dun explorador que naceu poeta, rozou despois ferrados sen conexión aparente e non xogou daquela á comodidade. Dicía: *imprescindible* é aquel sen cuxo nome non se dá escrito a historia desta literatura. Tampouco da videocreación, tampouco das primeiras rimas sincopadas no noso idioma, salvando Celso Emilio Ferreiro; tampouco da Televisión de Galicia.

Escribir en calquera fala das Hispanias sen coñecer a obra de Antón Reixa é arriscarse a quedar colgando no poema sublime. Aínda que algún apoio lle chegou ao principio –*Historia do rock and roll* premiárase na Universidade–, a que se dixo “xeración dos oitenta” e el habitaban mundos antagónicos. Reixa pagou o que toca a quen roza monte sen ollar atrás, sendo excluído –ate que entraron os noventa– das panorámicas e dos manuais. As arestas foron luíndo; o último do poeta vigués editouse na colección de poesía que dirixe Fernán-Vello.

Antes de *Látigo de algas*, o testamento poético do Antón Reixa-proel-turbina chamouse precisamente *Escarnio*. A esa progresión mal comprendida –e poucas veces analizada– resulta agora culto procurarlle antecedente aí, no expresionismo medieval. Son taxidermias. Amecendo o sainete desacralizador de Curros ao moderno sirventés que axitaba Arístides Silveira e á galaxia ceibe onde viaxa aínda Manuel Antonio, só Antón Reixa, zasl, podía aparecer. Co resto da súa xeración, que está por determinar e ben se chamaría “xeración do éxodo”. Foron os primeiros en advertilo: a Galicia labrega de Otero fluía sen retorno polas estradas en dirección ao capital. Con Reixa apréndese que cando Marx dorme a nación engorda monstros e que a dirección reversible do tempo está en Ferrol, febreiro, 1985. Grazas a el sabemos, por palestinos, que o silencio está escrito en braille. É imprescindible saber cousas así. // **Xabier Cordal**